

Normas para a publicación de artigos

REVBIGO é unha revista anual da Facultade de Bioloxía, publicada inicialmente en formato papel e na actualidade en formato dixital, creada especialmente para dar a coñecer os mellores, e/ou os máis interesantes, traballos realizados polos alumnos do Grao en diversas materias, así como aqueles que están baseados nos Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Mestrado (TFM) das titulacións impartidas na Facultade. Así mesmo, publícanse recensións sobre outras actividades (académicas e extraacadémicas) que durante o ano son desenvolvidas por membros da facultade.

A finalidade de REVBIGO é estimular aos alumnos no seu esforzo para a realización dos traballos, axudar a mellorar o seu *curriculum*, e informar ao resto da comunidade do traballo didáctico e de divulgación que se realiza na Facultade, tanto por parte da Dirección e do profesorado como do alumnado.

Para dar uniformidade e rigor aos artigos que se publican na revista existen unhas **NORMAS** que son de obrigado cumprimento:

1) **EXTENSIÓN E ESTRUCTURA DOS ARTIGOS**

Os artigos referidos a traballos de curso, TFG e TFM terán unha extensión máxima de 10 páxinas, incluíndo táboas e figuras. Deben **procurar** ter os seguintes apartados: Resumo, Introducción e antecedentes do tema, Obxectivos e plano de traballo, Metodoloxía, Resultados (con discusión crítica xustificada dos mesmos), Conclusións e Bibliografía. Para calquera alteración a estes apartados consultar co Comité de Redacción.

Nos baseados en TFG e TFM, se procede, tamén se pode incluír un estudo de viabilidade, presuposto ou calquera outra información que poida ser relevante para o proxecto realizado. Neste caso debe ser autorizada a publicación polo/a titor/a do traballo.

2) **LINGUAXE E ESTILO**

O traballo pode ser redactado en galego, castelán ou inglés, seguindo as normas de formato que se detallan a continuación:

Marxes, separación entre liñas, sangrías e notas a pé de páxina

Manter todas as marxes de 2,5 cm, o interliñado debe ser 1,15, sen agregar espazado antes, nin despois do parágrafo. E non se incluírá ningún tipo de sangría, nin notas a pé de páxina.

Páxina inicial

Título do artigo: Times New Roman (TNR) 14 negriña e maiúsculas, centrado na páxina.

Apelidos do/s alumno/s e Nome/s abreviado/s: TNR 12 e minúsculas, exemplo López Rodríguez, J. e Martínez Pérez, A.

Trátase de traballos relacionados con materias, así que só figurará como autor o responsable do artigo (ou responsables no caso de traballos realizados en grupo). Outras persoas que axudaron na súa realización poden figurar ao final nun apartado de Agradecementos, inmediatamente antes da bibliografía.

Dirección de correo electrónico do/s autor/es.

Curso e materia á que pertence o traballo e nome/s do/s titor/es (se o autoriza/n previamente por escrito) xunto co nome do departamento ao que pertence/n. En ningún caso o/a titor/a poderá figurar como autor/a.

Resumo do traballo (máximo 150 palabras) no que se explique de maneira xeral o tema, indicando si é un estudo bibliográfico ou os resultados foron obtidos a partir dun traballo de investigación.

Nesa mesma páxina continuase coa redacción do resto do artigo.

Apartados e subapartados

Títulos: TNR, 12, negriña, aliñado á esquerda.

Corpo do resto do texto: TNR 11, interliñado 1,15 e xustificado. As cursivas só se usarán para termos latinos, como os nomes científicos das especies. Non se usarán subliñados, nin negriña nos textos.

Táboas e Figuras

Unhas e outras colocaranse aproximadamente no lugar onde se citan por primeira vez no texto e neste debe figurar, entre paréntese, a referencia a elas.

As táboas deben figurar intercaladas no propio texto e numeradas de forma consecutiva de acordo coa súa aparición. Anteposto á táboa indícarase: Táboa nº 1, 2, xunto cun texto breve describindo o contido da mesma, en corpo 10 TNR. Sempre que sexa posible, as táboas envíanse en formato JPG como arquivos independentes do texto principal

As figuras tamén se deben numerar de forma consecutiva de acordo coa súa aparición no texto. Cada unha ten que ir acompañada dun texto ao pé (pé de figura), con corpo 10 TNR, describindo o contido da mesma, e formando parte do propio texto principal (**non incluíla en cadros**). As figuras teñen que enviarse tamén en formato JPG como arquivos independentes do texto principal e con calidade suficiente para ser publicadas.

Referencias bibliográficas:

- a) **Citas no texto:** Van entre paréntese, indicando o apelido do autor (ou autores si se trata de dous) e o ano de publicación. No caso de incluír no mesmo lugar dúas ou máis referencias, ordenaranse cronoloxicamente. Exemplo: (Fernández 1983; Álvarez & Martínez-Palacios 1992).

Sempre que se citen traballos de máis de dous autores, debe figurar o apelido do primeiro autor seguido de “*et al.*” (cursiva) e se hai varios traballos do mesmo autor publicados no mesmo ano engadírase á data as letras a, b, c ou ... Exemplo: (Rocas *et al.* 2013, Pacheco *et al.* 2015 a,b).

- b) **Bibliografía:** Inclúirá o listado de todas as referencias citadas no texto (e só esas), atendendo ao seguinte formato:

Letra TNR tamaño 10, interliñado 1,15, xustificado, sen sangría, nin numeración, nin marcas que sinalen os traballos.

Ordenaranse alfabeticamente por apelido do/s autor/es e si se inclúen varias obras dun mesmo autor, cronoloxicamente entre si. Exemplo:

De Landsheere, G. (1982). *La investigación experimental en educación*. París: UNESCO.

De Landsheere, G. (1986). *La recherche en éducation dans le monde*. París: P.U.F

1. Citación de libros completos

Apelido do autor, inicial do nome. Data de publicación (ano). Título en cursiva. Lugar de edición: editorial. Exemplo:

Eldridge, K.L., Davidson, J., Harwood, C., van Wyk, G. (1993). *Eucalypt domestication and breeding*. Oxford, UK: Clarendon Press.

2. Citación de capítulos de libros

Apelido do autor, inicial do nome. Data de publicación (ano). Título do capítulo. En: Apelidos e iniciais do/s editores (Ed. ou Eds.). Título do libro en cursiva. Lugar de edición: editorial. Páxinas do capítulo. Exemplo:

Balzer, I., Hoecker, B., Kapp, H., Batolomaeus, B. (2000). Occurrence and comparative physiology of melatonin in evolutionary diverse organisms. *En: Vanden Driessche, T., Guisset, J-L., Petieau-de Vries, G.M. (Eds). The redox state and circadian rhythms*. Dordrecht: Kluwer: 95–119.

3. Citación de artigos de revistas

Apelido do autor, inicial do nome. Data de publicación (ano). Título. Nome abreviado da revista en cursiva. Volume: páxinas inicial e final separadas por un guión. Exemplo:

Fujiwara ,T., Maisonneuve, S., Isshiki, M., Mizutani, M., Chen, L., Wong, HL., Kawasaki, T., Shimamoto, K. (2010). Sekiguchi lesion gene encodes a cytochrome P450 monooxygenase that catalyzes conversion of tryptamine to serotonin in rice. *J. Biol Chem.* 285: 11308-11313

4. Outros documentos

- a) Páxinas Web (webgrafía). Autor/es ou institución que realizou o documento. Ano do documento entre paréntese. Título do documento. Data de recuperación e páxina Web de orixe en cursiva. Exemplo:

Institute of Higher Education, Shangai Jiao Tong University (2008). Academic Ranking of World Universities. Recuperado o 10 de xaneiro de 2010 de <http://www.arwu.org/>

- b) Normativas/Informes, etc. Aportaranse os datos imprescindibles do organismo responsable e para a súa localización na net.